

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Básico 👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-C3-Construción

A peza chave

Actividade elaborada coa colaboración



Construcción 3

Achega

- Pezas de construcción en madeira
- Plastilina

Observa

As pezas de madeira son moi longas en relación ao seu espesor e non manteñen ben o equilibrio. Probade a facer unha ringleira ou varias no chan como se fose un dominó.

Indaga

- Como é mais fácil que a peza caia accidentalmente? Inflúe a colocación da mesma?
- Levanta agora estruturas máis complexas como torres. Ata que altura chegan sen empregar ningún tipo de unión ou soporte entre elas? En que postura das pezas son máis estables as torres?
- Resistirían estas estruturas un movemento sísmico? De canta intensidade? Inflúe a orientación das pezas?
- As unións entre barras son fundamentais para facer estruturas, neste caso temos a man plastilina. Cal sería a mellor maneira de facer unións? Estuda e proba varias solucións para ver como se comporta un corpo plástico, a súa deformación é reversible ou irreversible?
- Sabías que a plastilina, creada no século XX, orixinariamente foi deseñada como un compoñente para a limpeza de papeis de parede? Hoxe en día, converteuse nunha ferramenta fundamental nas aulas e no ámbito artístico, amosando a súa versatilidade e capacidade para expresar a imaxinación.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.

